



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 17 DE ABRIL DE 2015

FAVORABLES.-

LIC/1966/2014.- FRANCISCO MALLÓN BECERRA.- Conceder a licenza para executar as obras para reforma parcial de cuberta na rúa da Muiña nº 29

LIC/969/2013.- JOSÉ ANGEL SANCHEZ RODRIGUEZ E MARÍA DEL CARMEN PORTOS FUENTES.- Aceptar a cesión de terreo dende a aliñación oficial e conceder a licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Son de Abaixo, 40 A.

LIC/1714/2003.-CELESTINO VECINO MANCEBO.- Aprobar a modificación da licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local do 31/01/2005 para a construción de dúas vivendas unifamiliares na rúa do Río s/n Meixonfrío.

RENUNCIA.-

LIC/932/2008.- COSBREIXO, S.L.- Aceptar a renuncia á licenza que lle fora outorgada por acordo da xunta de goberno local na sesión do 2 de febreiro de 2010 para a construción dunha nova edificación na rúa da Estrada s/n e declarar extinguida a licenza para tódolos efectos.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-

LIC/135/2014.- CONSTRUCCIONES RUA FER, S. A.- Acceder á devolución do aval depositado por importe de 10.000 euros para responder da reposición dos servizos urbanísticos que resulten afectados como consecuencia da execución das obras autorizadas no expediente LIC/621/2008.

LIC/134/2014.- CONSTRUCCIONES RUA FER, S. A.- Acceder á devolución do aval depositado por importe de 32.603,97 euros por mor da urbanización como consecuencia da execución das obras autorizadas no expediente LIC/621/2008.

2.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de licenza para executar as obras para reforma parcial de cuberta na rúa da Muiña nº 29. LIC/1966/2014.

3.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa a aceptar a renuncia á licenza que lle fora outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión do 2 de febreiro de 2010 para a construción dunha nova edificación na rúa da Estrada s/n, e declarar extinguida a licenza para todos os efectos. LIC/932/2008.

4.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa a aceptar a cesión de terreo dende a aliñación oficial e conceder a licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Son de Abaixo, 40 A. LIC/969/2013.

5.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa a modificación da licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local do 31/01/2005 para a construción de dúas vivendas unifamiliares na rúa do Río s/n Meixonfrío. LIC/1714/2003.

8.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de licenza para executar as obras de reforma interior dun edificio sito na rúa das Hortas nº 20 para uso residencial comunitario. (LIC/1058(2013)).

Adoptáronse 5 acordos en materia de licenzas:

- Concedeuse licenza para unha reforma parcial de cuberta dunha edificación na rúa da Muíña (nº 29), cun orzamento de execución de 7.641 euros.

- Accedeuse a unha renuncia de licenza, outorgada en febreiro de 2010, para a construción dun nova edificación composta de sotos, planta baixa e dúas plantas de piso para comercial e 6 vivendas na rúa da Estrada (s/n), declarando extinguida para todos os efectos a citada licenza.

- Autorizouse licenza para vivenda unifamiliar composta de soto, baixa e primeira no lugar de Son de Abaixo (nº 40A), cunha superficie construída de 289 m2 e un orzamento de execución

de 70.000 euros. Tamén se aceptou a cesión para uso público dun terreo de 93 m2 desde a aliñación oficial coa obriga da súa urbanización.

-Aprobouse unha modificación de licenza concedida en xaneiro de 2005 para construír dúas vivendas unifamiliares na rúa do Río (s/n) en Meixonfrio, logo de constatar que unicamente se executou unha delas para a que se solicitara a correspondente licenza de primeira ocupación.

-Autorizouse licenza para obras de reforma interior dun edificio da rúa das Hortas (nº 20) para uso residencial comunitario. O inmovible ten unha superficie construída de 473 m2 e nel proxéctanse 6 unidades de convivencia, concentrando os servizos comúns na parte baixa e a creación dun edificio auxiliar de 30 m2 na parte posterior da parcela, tamén para usos comúns.

6.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa a devolución do aval depositado para responder da reposición dos servizos urbanísticos que resulten afectados como consecuencia da execución das obras autorizadas no expediente LIC/621/2008. (LIC/135/2014).

7.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa a devolución do aval depositado por mor da urbanización como consecuencia da execución das obras autorizadas no expediente LIC/621/2008. (LIC/134/2014).

Accedeuse á devolución de dous avais, depositados para responder pola reposición dos servizos urbanísticos e pola realización de obras de urbanización previstas para un edificio de 64 vivendas nunha parcela do SUNP-14 de Tras Paxonal para o que a Xunta de Goberno do pasado 30 de xaneiro acordara aceptar a renuncia á licenza concedida á empresa Ruafer. Os dous avais depositados ascendían a un total de 42.604 euros.

9.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa a desestimación de recurso de reposición presentado por dona María Fernández Botana contra o rexeitamento á operatividade da expropiación por ministerio da lei no caso da parcela de referencia catastral 15079A505012780000FE . (EXP/20/2014).

A Xunta de Goberno acordou rexeitar o recurso de reposición presentado contra un acordo deste mesmo órgano de outubro pasado no que se desbotaba a pretensión de levar a cabo unha expropiación por Ministerio de lei (expropiación forzosa proposta polo propietario) para unha parcela cualificada no PXOM como zona verde no polígono industrial do Tambre.

Vólvese a reiterar o motivo exposto con anterioridade que a forma de obtención desa zona verde non é a expropiación, senón a cesión, por ser susceptible de distribución de beneficios e cargas. En consecuencia tamén se rexeita como daquela a solicitude de valorar e ter presentada a folia de aprecio feita valer no escrito presentado, ao considerar que non se trata dun suposto habilitante para ese tipo de expropiación.

10.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa a resolución de alegacións e aprobación definitiva do expediente de expropiación a favor da CC.PP de avda de lugo 235 para a colocación dun ascensor. (exp/28/2013).

A Xunta de Goberno acordou rexeitar unha alegación presentada para modificar a valoración dun ben a expropiar e aprobar definitivamente o expediente de expropiación para a execución de obras de instalación dun ascensor, segundo o proxecto presentado pola Comunidade de Propietarios dun edificio da Avda. de Lugo (nº 235). O proxecto afecta a dúas pequenas pezas de dous baixos comerciais situados a ambos lados do portal de entrada do edificio. O custo estimado para a indemnización ascende a 3.960 euros e deberá ser afrontado pola propia Comunidade de propietarios.

11.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa a solicitude de novos convenios de axudas correspondentes ás áreas de rexeneración e renovación urbana do Casco Histórico, Vista Alegre e Pontepedriña.

O Goberno local aprobou a solicitude de participación na convocatoria da Xunta de Galicia que se enmarca no programa de renovación e rexeneración urbanas do Plan estatal de Fomento 2013-2016, dirixida a concellos que teñan declarada algunha ARI no seu termo municipal, como é o caso de Santiago. (O prazo para presentar as solicitudes é de 1 mes e remata o 17 de abril). O Concello conta coas ARI da Cidade Histórica, da Vista Alegre e de Pontepedriña e pretende asinar, no marco desta convocatoria, novos convenios para outorgar novas axudas á rehabilitación de edificios e vivendas neses tres ámbitos.

As propostas circunscriben as novas actuacións para o ano 2015 e suman un total de 352 actuacións das que 100 correspondente á Cidade Histórica, 192 a Vista Alegre e 60 actuacións a Pontepedriña, cun custo total de 7.162.449 euros, dos que o Ministerio de Fomento achega un 31,64% (2.266.089 euros) e o resto (4.896.360) os particulares:

ARI	ACTUACIÓNS	CUSTO TOTAL	Mº FOMENTO	PARTICULARES
-----	------------	-------------	------------	--------------

Cidade Histórica	100	1.981.270	605.100	1.376.170
Vista Alegre	192	4.722.825	1.342.621	3.380.204
Pontepedriña	60	458.354	318.368	139.986
TOTAL	352	7.162.448	2.266.089	4.896.360

O programa estatal establece unha participación do Ministerio no mantemento dos equipos técnicos e das oficinas de información e xestión, outorgando ata 500 euros por vivenda rehabilitada para o seu financiamento, o que equivale neste caso a 176.000 euros:

ARI	ACTUACIÓNS	AXUDAS EQ. TECN. Mº FOMENTO
Cidade Histórica	100	50.000
Vista Alegre	192	96.000
Pontepedriña	60	30.000
TOTAL	352	176.00

Tendo en conta que os custos totais para o mantemento dos equipos de xestión ascende a 469.160 euros, o Concello asume un 62,5% (293.160 euros) do custo necesario para este mantemento.

12.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa a ampliación do prazo de execución das obras de urbanización do SUNP-11 do Castiñeiriño.

Acordouse ampliar o prazo de execución das obras de urbanización do SUNP-11 do Castiñeiriño, aumentando en 95 días o previsto inicialmente no contrato, sinalando como nova data de remate dos traballos o 21 de agosto de 2015.

Estas obras fóronlle adxudicadas no pasado mes de xullo de 2014 á empresa Dragados, S.A, por un importe de 2.258.108 euros e un prazo de execución de oito meses, que tendo en conta a data de sinatura do replanteo remataba o 7 de abril de 2015. A empresa solicitou unha ampliación de prazo motivada pola falta de dispoñibilidade das parcelas e as condicións meteorolóxicas adversas.

Nestes terreos do Castiñeiriño, sobre unha superficie total de 3,5 hectáreas, estase a desenvolver solo para 158 vivendas protexidas, nun ámbito que inclúe 8.000 m2 de zonas verdes e 5.000 m2 para equipamentos.

13.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa a dación de conta da circular informativa da Deputación Provincial de A Coruña relativa a participación do Concello de Santiago de Compostela no POS 2015.

Deuse conta da comunicación da Deputación da Coruña pola que se aproba a participación do Concello de Santiago no Plan Provincial de Cooperación de Obras e Servizos de competencia municipal (POS 2015), logo dunha corrección de erros achegada polo Concello.

Nese Plan inclúense tres proxectos de reparación, conservación e mantemento de vías municipais (en concreto para as rúas Escarabuña en San Caetano, Pedreira en Laraño, Teresa Jornet en San Marcos e outras anexas a estas), por un importe total de 776.862 euros, financiado integramente polo organismo provincial.

14.- Proposta da concelleira delegada da área de Cultura e Patrimonio relativa á aprobación do contrato "Servizo de deseño, produción, montaxe e realización dos espectáculos nocturnos do 24 3 31 de xullo de 2015 (Festas do Apóstolo).

Acordouse a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto do servizo de deseño, produción, montaxe e realización dos espectáculos nocturnos do 24 e do 31 de xullo, dentro das Festas do Apóstolo 2015. O importe de licitación é de 217.800 euros.

Esta cantidade é moi semellante ao tipo do ano anterior (215.866 euros) e notablemente inferior á doutros anos, onde o tipo chegou a acadar os 410.000 euros (en 2011, incluíndo toda unha semana).

15.- Proposta da concelleira delegada da área de Cultura e Patrimonio relativa á solicitude de subvención Rede Cultural 2015.

Aprobouse a solicitude á Deputación da Coruña dun total de 17 actuacións culturais, dentro da convocatoria do programa Rede Cultural 2015 para a difusión e promoción da música, o folclore, o teatro, a danza e demais manifestacións artísticas.

Estas actuacións, para as que se prevé un importe total de 11.631 euros que deberá ser financiado nun 60% polo Concello e un 40% a Deputación, inclúen obras de teatro, contacontos, grupos musicais e outros espectáculos.

RELACIÓN DE ACTUCIÓNS SOLICITADAS

XXXII PROGRAMA DE MUSICA E TEATRO PARA GRUPOS NON PROFESIONAIS	TOTAL	DEPUTACION 40%	CONCELLO 60%
Escola de Teatro Municipal de Laxe – “A increíble historia das ras”	500,00	200,00	300,00
Lisístrata – “Un Nadal cheo de contos”	300,00	120,00	180,00
La Luna Lunática – “La brijita Florinda” (cuenta cuentos terroríficos)	300,00	120,00	180,00
Charanga tradicional Vai de Roda – “De festa en festa”	450,00	180,00	270,00
Por arte de maxia – “Por arte de maxia”	300,00	120,00	180,00
Acordes de ilusións – “Acordes de ilusións”	300,00	120,00	180,00
XXVII PROGRAMA DE TEATRO E TÍTERES PARA COMPAÑÍAS PROFESIONAIS			
A Xanela do Maxín – “A pequena Lúa”	900,00	360,00	540,00
Títeres Cachirulo – “O Apalpador contra o ladrón de xoguetes”	900,00	360,00	540,00
Títeres Cachirulo – “Elefantes que contan contos”	280,00	112,00	168,00
Contos Titiritraum – “Contos titiritraum”	500,00	200,00	300,00
XXVIII CICLO DE MÚSICA PARA INTÉPRETES PROFESIONAIS			
Pesdelán – “Mini”	1.119,00	447,70	671,55
Ni Fu ni Fa Animación – “Desafinando”	242,00	96,80	145,20
Cé Orquestra Pantasma – “Home orquestra”	660,00	264,00	396,00
Mamá Cabra – “Mamá Cabra. 15 anos”	2.480,00	992,00	1.488,00
IX PROGRAMA PARA COMPAÑÍAS DE DANZA PROFESIONAL E OUTRAS ACTIVIDADES			
Garabato de xogos – “Japi nait gossip bufón”	650,00	260,00	390,00
Pablo Díaz – “Musicanta”	750,20	300,08	450,12
Caramuxo Teatro – “Zapatos”	1.000,00	400,00	600,00
TOTAL	11.631,45	4.652,58	6.978,87

16.- Proposta da concelleira delegada da área de Servizos Sociais relativa a dar de conta do anticipo da subvención correspondente ao programa de subvencións dirixido a concellos e outras entidades locais interesadas na realización do "Programa de envellecemento saudable".

Deuse conta da aprobación por parte da Deputación da Coruña do aboamento dun anticipo de 1.500 euros, equivalente ao 50% da subvención concedida na convocatoria do programa de “envellecemento saudable” para o 2015.

17.- Proposta da concelleira delegada da área de Servizos Sociais relativa a axudas sociais.

Denegáronse 3 axudas (dúas por vivenda aloxamento e unha por manutención) dentro do programa de Medidas de Apoio para a Prevención e Integración Social (MAPIS) por non reunir os requisitos sinalados regulamentariamente para a súa percepción.

18 a 22.- Proposta do concelleiro delegado de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre bens inmoables.

A Xunta de Goberno, conforme ao disposto nas ordenanzas reguladoras, resolveu tamén 5 expedientes presentados para a obtención de beneficios fiscais e exencións: 4 referidos a incremento de valor dos terreos de natureza urbana e 1 para imposto sobre bens inmoables.

24.- Propostas do concelleiro delegado de facenda relativas a exencións en diversas taxas fiscais.

Concedéronse un total de 73 exencións das taxas de subministro, saneamento e depuración de augas, así como do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, que se manterán mentres o fagan as condicións que motivan o seu outorgamento.

25.- Proposta da concelleira delegada da área de Economía relativa á dación de contas da sinatura do convenio de colaboración entre a Fundación Cidade da Cultura de Galicia e a Concellería de Economía, Emprego, Comercio, Turismo e Mercados do Concello de Santiago para a promoción e celebración do programa "Santiago Investors Support 2015" en Gaiás Cidade da Cultura.

Deuse conta da sinatura do convenio de colaboración asinado entre a Fundación Cidade da Cultura de Galicia e a Concellería de Economía, Emprego, Comercio, Turismo e Mercados para a promoción e celebración do programa “Santiago Investors Support 2015 nas instalación do Gaiás. Este convenio, que fora autorizado pola Xunta de Goberno no pasado mes de febreiro, está destinado a desenvolver este programa que integra accións relacionadas co apoio á cultura emprendedora, á creación de novas empresas e a mellora da competitividade do tecido económico local.

O obxectivo desta cita é a construción dunha axenda única para os colectivos empresariais da cidade, con actividades de formación, dinamización e información para persoas emprendedoras, traballadoras en activo e empresariado local, favorecendo a creación de espazos relacionais e de encontro que faciliten as interaccións comerciais e os encontros empresariais.

Tal e como se ten informado, a previsión é celebrar dous encontros comerciais, un na primavera e outro no outono, no que –tendo en conta o balance do ano pasado- poderían participar unhas 300 persoas.

26.- Proposta da concelleira delegada da área de Economía relativa á aprobación das bases da convocatoria de subvencións a empresas privadas para o financiamento de bolsas para o acceso o persoal especializado como vía da mellora da competitividade.

Aprobáronse as bases reguladoras da convocatoria de 2015 de subvencións a empresas privadas para o financiamento de bolsas para o acceso a persoal especializado como vía de mellora da competitividade. Este proxecto, enmarcado no programa Urbana Santiago Norte e cofinanciado nun 80% polo FEDER, pretende que as empresas predominantes na zona norte da cidade do sector da Hostalería, o comercio e os servizos profesionais, se poidan beneficiar dun programa específico de incentivos para a contratación e a mellora da posición competitiva a través do emprego de persoal especializado, mozos e mozas de entre 18 e 25 anos, con título universitario o de formación profesional.

A duración das prácticas non laborais do persoal contratado, poderá oscilar entre os 3 e os 6 meses e rematarán en todo caso antes do 30 de setembro de 2015.

Nas bases contéplase a posibilidade dun “pagamento a conta” para os convenios de 6 meses, sempre que trascorran os 3 primeiros, para evitar que as pequenas e medianas empresas que concorran ás subvencións teñan que soportar as posibles cargas do financiamento das bolsas ata a súa finalización. A convocatoria está dotada cun orzamento de 135.000 euros.

28.- Proposta da concelleira delegada de Educación para dar conta do fallo do xurado do "VIII Premio Internacional "Compostela" de Albums Ilustrados.

Deuse conta da concesión do VIII Premio Compostela para Albums Ilustrados de 2015 ao traballo “Y se hizo la luz”, do cordobés Miguel Cerro Rico, que recibirá os 9.000 euros con que está dotado o premio, conforme ao fallo do Xurado que se fixo público o pasado 9 de abril.